

## O SÉCULO XX. ÉPOCA DE CONFLITOS

A II Guerra Mundial (1939-1945) sumiu a Europa nunha profunda depresión económica e moral con consecuencias que marcaron o decorrer da historia posterior. Despois da Guerra o mundo ficou dividido en dous bloques ideolóxicos arredor das dúas superpotencias hexemónicas: Estados Unidos e a Unión Soviética. Ante o medo da expansión do comunismo na Europa arruinada da posguerra, o capitalismo mundial reindustrializou o Continente grazas ó Plan Marshall. A tensión entre os dous bloques provocou a Guerra Fría, cunha ameaza constante dun conflito nuclear mundial.

O holocausto nazi, as purgas de Stalin, a bomba atómica, a Guerra de Corea e Vietnam provocaron unha visión pesimista da realidade que tomou forma na teoría existencialista escrita por Sartre. Ademais do existencialismo, naceron outros movementos artísticos como o movemento beat, o hippie, que desprezaban a sociedade de consumo e a moral da Era Industrial. Despois da deshumanización das vangardas, a realidade fixo que a arte volveuse a centrarse nos problemas do ser humano.

### A Guerra Civil de 1936 e a Ditadura

A Guerra Civil e a Ditadura posterior supuxo para Galicia a perda do seu recoñecemento como nacionalidade diferenciada dentro do Estado español. A negación da súa identidade e diferenciación levouse a cabo mediante a imposición dunha cultura e dun idioma uniformador e a persecución de calquera discrepancia.

O lento proceso de modernización, iniciado a finais do século XIX e continuado nos primeiros anos do século actual, viuse subitamente interrompido no ano 1936 co estoupido da guerra civil. Os longos anos de posguerra foron tempos de penuria e de fame, cun notable retroceso do nivel de vida e a perda da posibilidade dunha expansión económica.

Sobre a década dos sesenta, e en grande medida como consecuencia da masiva emigración de galegos a Europa, iniciouse unha nova etapa desde o punto de vista socioeconómico. Galicia entraba, aínda que paseniñamente, na modernidade. E signo desa modernización son os cambios que se produciron nesa época: as innovacións no sector agrario, cunha especialización progresiva na actividade gandeira, a expansión da industria pesqueira e a construción naval, a aparición de novas industrias, a migración do campo cara ás cidades e vilas, etc. Sen embargo, a pesar desas notables transformacións, a economía galega segue presentando certos desequilibrios: predominio do sector primario e numerosa poboación rural, e deficientes comunicacións que dificultan os intercambios co resto do territorio peninsular.

Coa chegada da democracia, Galicia foi recoñecida como nacionalidade histórica. No ano 1980 aprobouse o Estatuto de Autonomía e iniciouse un proceso de normalización cultural e política.

A guerra tivo lugar. Terrible. Interminable. Hai que atoparlle outras orixes distintas ás dunha mala combinación ministerial, unha boa vontade frustrada, a torpeza dun presidente. A España do S.XX herdou do XIX graves desequilibrios sociais: vestixios do antigo réxime agrario, estruturas incoherentes da industria. Rexionais: un desenvolvemento desigual opón mental e materialmente, no seo do Estado, antigas formacións históricas. Espirituais: A igrexa católica mantén unha pretensión dominante á que responde un anticlericalismo militante [...]

Pierre Vilar. *La guerra civil española*,

## LONGA NOITE DE PEDRA PARA O IDIOMA E A CULTURA

A ditadura franquista impuxo unha política uniformadora destinada a suprimir todo elemento de identidade nas nacionalidades históricas. O idioma galego foi obxecto dunha implacable persecución. Durante anos, a súa utilización escrita considerouse como un delito e como síntoma de "barbarie" e "mal gusto" a súa utilización na fala. Na administración, na igrexa, na escola, na prensa, na radio ou na televisión, empregábase exclusivamente o castelán. Con esta marxinación, o franquismo procuraba que os habitantes de Galicia perdesen a súa identidade.

Durante moitos anos a cultura galega mantívose unicamente no exilio. A capital arxentina de Bos Aires converteuse na capital da cultura galega a raíz de que moitos exiliados desta terra atoparan alí refuxio: Castelao, Blanco Amor, Rafael Dieste ou Luís Seoane. O seu labor no eido da cultura foi notable: crearon editoriais nas que se publicaban libros en galego ou con temática galega, así coma xornais, revistas literarias ou programas de radio de contido cultural galego.

A partir de 1950, o nacionalismo entra nunha nova etapa. A consolidación do réxime franquista, a morte de Castelao en Bos Aires, así como a posterior disolución do Partido Galeguista, provocou que os galeguistas deixasen a loita política e se decantasen pola vía cultural. A idea era despertar a conciencia da galegitude das novas xeracións e destacar a identidade de Galicia. Xurdiu entón Editorial Galaxia, que levou a cabo un labor de promoción da literatura, o ensaio, a economía...

Ademais de Galaxia, creada por galeguistas como Ramón Piñeiro, Fernández del Riego e Xaime Isla Couto, houbo outras entidades dedicadas á recuperación da memoria e á normalización da lingua galega: as editoriais Bibliófilos Gallegos de Santiago e Monterrey de Vigo, a colección de poesía Benito Soto de Pontevedra e o suplemento cultural do xornal santiagués La Noche.

Paralelamente a esta liña culturalista desenvolvéronse, na década dos 60, movementos urbanos sindicais e estudantís de permanente confrontación co réxime franquista. En 1964 xurdiu a Unión do Pobo Galego e un ano máis tarde o Partido Socialista Galego: dous grupos políticos clandestinos de esquerda e nacionalistas que loitaron pola democracia e o recoñecemento da singularidade histórica, cultural e lingüística de Galicia dentro do Estado español.

Galaxia supuxo, como dixo Ramón Piñeiro, un vehículo de comunicación entre os xoves galegos e aqueles homes que desde o Seminario de Estudos Galegos e a Xeración Nós empezaron a facer o que practicamente ninguén fixera: recuperar para os seus contemporáneos a Historia de Galicia, facer crítica e colaborar a aumentar con orixinais seus o prestixio da literatura galega, estudos sobre antropoloxía, xeografía, economía, etc. Os xoves do tempo de Galaxia vivían nunha Galicia inexistente, enmudecida debido ao interese do Réxime franquista en manter a unidade lingüística e política de España.

Dicir que Galicia era entón un deserto é dicir moi pouco. Galicia para un rapaz que

chegase a Santiago en 1954, ou non existía, ou, como no meu caso e no de moitos, era algo que un sospeitaba porque o levaba dentro. Era unha realidade presentida pois o que hoxe lle é dado á xente —informada...— non existía daquela. Galicia fómola descubrindo uns cos outros, falando nos baixos do "Hotel Compostela", nos claustros da Facultade, nas rúas e, máis que nada, por Ramón Piñeiro.

X. L. Franco Grande

## A POESÍA NA POSGUERRA ATA 1975

Na inmediata posguerra a penas existiu actividade cultural e literaria. Nos anos 50 iniciouse unha lenta recuperación da literatura, centrada sobre todo na poesía. Nesta época de férrea censura, os autores cultivaron o paisaxismo, o intimismo e outras correntes de preguerra como o imaxinismo e o neotrobadorismo (no exilio, en cambio, Luís Seoane e Lorenzo Varela escribían poesía de ton social e reivindicativo); na década dos sesenta e setenta foi tomando máis importancia o social-realismo.

Os poetas da posguerra adoitan agruparse en tres xeracións, seguindo criterios cronolóxicos: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.

### A Xeración do 36

A Xeración do 36 está constituída por poetas que naceron entre 1910 e 1920. Formáronse na República e viviron a Guerra, motivo que está sempre presente na súa poesía. Son escritores ponte entre a preguerra e a posguerra: a través deles transmitiuse o legado da Xeración Nós. Cultivaron tendencias poéticas de preguerra como o imaxinismo, iniciado por Amado Carballo, o neotrobadorismo, creado por Bouza Brey, o paisaxismo, de Noriega Varela, pero tamén incorporaron outras novas, coma o socialrealismo, iniciado por Celso Emilio Ferreiro, ou o intimismo radical, representado por María Mariño, autora de desacougantes poemas líricos. Algúns poetas orientaron a súa produción cara ó clasicismo (volta formal ó rigor clásico).

Pertencen a esta xeración escritores como Aquilino Iglesia Alvariño, Eduardo Moreiras, Xosé María Díaz Castro, Ricardo Carballo Calero e Celso Emilio Ferreiro.

#### Aquilino Iglesia Alvariño

Naceu en Abadín (Lugo) en 1909. Estudou no Seminario de Mondoñedo e traballou como mestre. Morreu en Santiago en 1961. Foi un poeta de sólida formación intelectual e grande coñecedor da poesía clásica e moderna: os seus versos están construídos con ese substrato clásico.

Antes da guerra publicou dous poemarios: *Señardá* (1930) e *Corazón ó vento* (1933). Nos dous percíbense influencias das tendencias poéticas de preguerra: o imaxinismo, o saudosismo e o paisaxismo. En 1947 publicou *Cómaros verdes*, o primeiro libro publicado en galego despois da guerra. Nel segue a liña paisaxista de Noriega Varela: canta ás cousas máis humildes da natureza pero dando máis importancia ó tema clásico da vida en harmonía do home co seu entorno natural. En 1960, *De día a día* e, en 1961, *Lanza de soedá* (1961), o seu libro máis persoal, no que o home (o poeta) aparece mergullado nunha profunda angustia e o tempo é motivo de reflexión existencial.

#### Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro

Naceu en Guitiriz (Lugo) en 1914. Estudou no Seminario de Mondoñedo, onde coñeceu a Aquilino Iglesia Alvariño. Viviu desde 1948 en Madrid. Faleceu en Lugo en 1990. Díaz Castro é autor dun único libro, *Nimbos*, publicado en 1961, pero de enorme valor estético. Na súa poesía ofrece unha profunda reflexión sobre o destino humano a través da relixión e da comunión mística coa terra moi na liña de Noriega e Iglesia Alvariño.

#### Ricardo Carballo Calero

Naceu en Ferrol en 1910. Os últimos anos previos á xubilación foi Catedrático de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago. Nesa mesma cidade morreu en 1990. A súa poesía evoluciona desde a liberdade formal do vangardismo ata a submisión ó rigor formal esixido polo clasicismo. A súa obra recóllese en *Pretérito Imperfecto* (1980) e *Futuro Hipotético* (1982).

## Celso Emilio Ferreiro

Naceu en Celanova en 1912. Ó inicio da guerra foi mobilizado no bando franquista e, en 1937, estando de permiso, foi detido e encarcerado nunha cela (toda de pedra) do mosteiro de Celanova por facer un comentario político en público. En 1942 trasladouse a Pontevedra, onde fundou a colección poética Benito Soto e a revista Finisterre, moi importantes na recuperación literaria de posguerra. Despois de residir en Vigo entre 1949 e 1966, marchou para Venezuela como director de cultura da Irmandade Galega de Caracas, da que sería expulsado por enfrontamentos coa dirección. Alí sufriu unha enorme desilusión ó comprobar que os galegos e galegas do exilio estaban totalmente desideoloxizados. Esta desilusión quedaría posteriormente recollida na súa poesía. Cando volveu en 1973 instalouse en Madrid. Morreu en Vigo en 1979.

A primeira obra importante de Celso Emilio foi *O soño sulagado* (1954). Nela xa se aprecian os temas e a actitude de compromiso caracterizadores da súa obra posterior: o mundo da infancia e a consecuente perda da inocencia, a experiencia traumática da guerra, a pobreza material e moral, etc. Velaí un exemplo na columna á marxe.

En 1962 abre o camiño da poesía socialrealista con *Longa noite de pedra*, onde se concentra no compromiso como poeta coa sociedade na que vive para converterse na voz lúcida que denuncia as causas e causantes da infeliz situación social. Os temas recorrentes da obra son:

- A denuncia da inxustiza e da opresión (Celso Emilio denuncia a situación de represión e miseria do réxime ditatorial).
- A liberdade e a esperanza (os seus versos evocan un futuro ben mellor có presente).
- A solidariedade cos que sofren (a súa poesía é unha manifestación de solidariedade con aqueles que sofren a inxustiza e a falta de liberdade).
- O antibelicismo (Celso Emilio é un precursor do idealismo pacifista: na súa poesía denuncia o absurdo e o horror da guerra).

A raíz da súa emigración a Venezuela publicou *Viaxe ó país dos ananos*, onde renega da súa anterior opinión a favor da emigración ó descubrir que moitos galegos enriquecidos en América non souberon aproveitar a riqueza moral de vivir en liberdade e se interesan exclusivamente en atesourar bens materiais. O libro é unha crítica mordaz contra os emigrantes desideoloxizados, que o autor denomina politicamente "ananos". O ton satírico e mordaz vólvese repetir no seguinte libro: *Cantigas de escarnio e maldicir*. Seguindo o modelo das cantigas satíricas medievais, Celso Emilio ridiculiza os mesmos "ananos" da obra anterior.

Con *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), o autor abandona, como moitos nesas datas, a poesía social e regresa á poesía lírica para falar de si mesmo e de todo aquilo que foi perdendo co paso do tempo: a infancia, os amigos, a terra, a familia, etc..



## Actividades con texto

O tópico da morte. Iglesia Alvariño, o poeta da natureza viva, reflexiona neste poema sobre a inevitabilidade da morte.

### Muro final

¡Non deixar ningún rastro e morrer todo enteiro!  
Racine.

Co que vai vir no seu durmir alerta.  
Un oco escuro por detrás do lume  
dos seus ollos. En todo, a servidume  
do ser mortal, que, ó trevelar, desperta.

Despedíranse entón. E nesa aperta  
final que nun suspiro se consume  
—a noite no horizonte, o demais fume—  
foran un, nunha bágoa, os dous ben certa.

Pero, ¿que importa amor, lobo que ouvea  
no ermo en soledá, e afán que alea  
un intre nada máis e varre o vento?

O certo. O que non marra. O que non erra  
é xa sabe-la boca chea de terra,  
muro final que abate o pensamento.  
Aquilino Iglesia Alvariño. Lanza de soedá.

Desde un principio a lingua foi un motivo principal de reivindicación para todos os galeguistas. Aquí tes un dos textos que mellor expresan o conflito lingüístico en Galicia.

### Deitado fronte ao mar...

Lingua proletaria do meu pobo  
eu fáloa porque si, porque me gusta,  
porque me peta e quero e dáme a gana,  
porque me sae de dentro, alá do fondo  
dunha tristura aceda que me abrangue  
ao ver tantos patufos desleigados,  
pequenos mequetrefes sen raíces  
que ao pór a garavata xa non saben  
afirmarse no amor dos devanceiros.  
Falar a fala nai,  
a fala dos avós que temos moitos,  
e ser, co rostro erguido,  
mariñeiros, labregos da linguaxe,  
remo e arado, proa e relia sempre.  
Eu fáloa porque si, porque me gusta  
e quero estar cos meus, coa xente miña,  
preto dos homes bos que sofren longo  
unha historia contada noutra lingua.

Este poema é un símbolo dentro da nosa literatura. Supuxo un fito pola súa repercusión dentro e fóra das nosas fronteiras. O poema naceulle ó autor mentres estaba detido en 1937 nunha cela de fortes muros de pedra á espera da liberación ou condena a morte como outros detidos que compartían a prisión.

O teito é de pedra.  
De pedra son os muros  
e as tebras.  
De pedra o chan  
e as reixas. As portas,  
as cadeas,  
o aire,  
as fiestras,  
as olladas,  
son de pedra.

Os corazóns dos homes  
que ao lonxe espreitan  
feitos están  
tamén  
de pedra.  
E eu morrendo  
nesta longa noite  
de pedra.  
Celso Emilio Ferreiro.  
Longa noite de pedra.

■ O seu verso "Longa noite de pedra" pertence xa á linguaxe coloquial pero, ¿sabes cal foi a súa interpretación?

■ A pedra é unha materia inerte, inorgánica, sen vida, con ela o poeta describe dun xeito realista a cela que ocupaba pero ¿cres que quería expresar algo máis?

Non falo pra os soberbios,  
non falo pra os ruíns e poderosos,  
non falo pra os finchados,  
non falo pra os baleiros,  
non falo pra os estúpidos,  
que falo pra os que aguantan rexamente  
mentiras e inxustizas de cotío;  
pra os que súan e choran  
un pranto cotián de bolboretas,  
de lume e vento sobre os ollos núos.  
Eu non quero arredar as miñas verbas  
do tódolos que sofren neste mundo.  
E ti vives no mundo, terra miña,  
berce da miña estirpe, Galicia,  
doce mágoa das Españas,  
deitada fronte ao mar, ese camiño...

Celso Emilio Ferreiro. *Longa noite de pedra.*

■ Neste poema Celso Emilio argumenta por qué e para qué fala galego. Aquí a lingua parece dividir en vez de unir. Existe, polo tanto, un conflito interior. Reflexiona sobre o texto e razoa sobre a situación lingüística na Galicia actual.

Aquí tes un texto máis do grao de compromiso de Celso Emilio coa realidade sociopolítica. A guerra total, a nuclear.

### Poema nuclear

¡Que ben, que bomba vén co seu rebombio!  
A bomba, ¡bong!, a bomba, bon amigo  
A bomba con aramios, con formigas,  
con fornos pra asar meniños loiros.  
A bomba ten lombrices, bombardinos,  
vermes de luz, bombillas fluorescentes,  
peixes de chumbo, vómitos, anémonas,  
estrelas de plutonio plutocrático,  
esterco de cobalto hidroxenado,  
martelos, ferraduras, matarratos.  
A bomba, bong. A bomba, bon amigo.  
Con átomos que estoupan en cadeia  
e creban as cadeias que nos atan:  
Os outos edificios.  
Os outos funcionarios.  
Os outos financeiros.  
Os outos ideais.  
¡Todo será borralla radioactiva!  
As estúpidas nais que pairen fillos  
polvo serán, mais polvo namorado.

Os estúpidos pais, as prostitutas,  
as grandes damas da beneficencia,  
magnates e mangantes, grandes cruces,  
altezas, excelencias, eminencias,  
cabaleiros cubertos, descubertos,  
nada serán meu ben, si a bomba vén,  
nada o amor, e nada a morte morta  
con bendiciós e plenas indulxencias.  
¡Que ben, que a bomba vén! Nun instantiño  
a amable primavera faise cinza  
de vagos isotopos placentarios,  
de letales sorrisas derretidas  
baixo un arco de átomos triunfaes.  
A bomba, ¡bong! A bomba co seu bombo  
de setas e volutas abombadas,  
axiña vén, vela aí vén, bon amigo.  
¡Estános ben! ¡Está ben! ¡Está bon!  
¡¡¡Booong!

Celso Emilio Ferreiro. O soño sulagado.

■ Sinala os casos ó longo do texto en que as palabras lembren o son dunha explosión. ¿Coñeces como se chama este recurso? Outro recurso moi presente no texto son as enumeracións con xogos de palabras. Localízalas e explica a súa aportación ó significado do poema.

■ O ton do poema volve ser irónico. Aparentemente volve a ser motivo de risa un tema moi delicado. ¿Que significa o penúltimo verso en relación co poema?

Este poema é o máis coñecido de Xosé María Díaz Castro. Os seus versos suxiren como ningún outro texto o inmovilismo secular de Galicia.

Penélope Un paso adiante e outro atrás, Galiza,  
e a tea dos teus soños non se move.  
A esperanza nos teus ollos se  
espreguiza.  
Aran os bois e chove.  
Un bruar de navios moi lonxanos  
che estrolla o sono mol coma unha  
uva.  
Pro ti envólveste en sabas de mil anos  
e en sonos volves escoitar a chuva.

Tragerán os camiños algún día  
a xente que levaron. Deus é o mesmo.  
Suco vai, suco vén, ¡Xesús María!  
E toda cousa ha de pagar seu desmo.  
Desorballando os prados coma soño,  
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.  
Vaise enterrando, suco a suco, o  
Outono.

¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!  
Xosé María Castro. Nimbos.

■ O título fai referencia ó mito de Penélope que, durante máis de vinte anos agardou polo seu home, Ulises, ocupado na guerra de Troia. Tiña moitos pretendentes, pero ela sempre confiou na volta do seu home. Como non estaba disposta a elixir un novo marido, Penélope contivo as súas intencións co pretexto de que tiña que tecer unha mortalla para o seu sogro Laertes. Durante a noite desfecía o labor que completaba durante o día, deste xeito evitaba ter que escoller un marido. ¿Que terá que ver todo isto co contido do poema?

■ O poema está construído sobre a oposición entre o optimismo e o pesimismo. Decátate do verso que empeza e remata o poema. Busca na poesía argumentos para sentirnos optimistas e pesimistas do noso futuro. ¿Cal é a sensación que che produce a súa lectura?

## A PROMOCIÓN DE ENLACE

A Promoción de Enlace está formada por poetas nados entre 1920 e 1930, moi novos durante a guerra para ser conscientes das súas causas pero si para padecer as súas consecuencias: a penuria económica, a pobreza cultural e a miseria moral de vivir nunha ditadura. Illados das correntes europeas e da literatura galega no exilio, recibiron primeiro a influencia de poetas casteláns, polo que moitos comezaron publicando nesta lingua. Por influencia dos escritores da Xeración do 36 incorporáronse á literatura en galego. A súa poesía é un reflexo tráxico do home que sobrevive resignado nun entorno sen esperanza, nun país pechado sobre si mesmo, nunha autarquía económica e belixerante ante todo o estranxeiro, precisamente cando despois da II Guerra Mundial nacía o concepto de sociedade de benestar nas democracias europeas. Pertencen a este grupo poetas como Antón Tovar, Luz Pozo Garza e Manuel Cuña Novás.

### **Antón Tovar**

Naceu en Reiriz de Veiga (Ourense) en 1921. Publicou *Arredores* (1962), *Non* (1967), *O vento non ten colo* (1974) e *Calados esconxuros* (1980). Os trazos máis característicos da súa obra son: o intimismo, o desánimo ante o paso do tempo e a soidade. A súa dor existencial proxéctaa, como Rosalía, cara os máis desamparados.

### **Luz Pozo Garza**

Naceu en Ribadeo en 1922. Poeta de fondo lirismo que creou versos de extraordinaria musicalidade sobre o amor e a paisaxe. Publicou *O paxaro na boca* (1952), *Verbas derradeiras* (1972), *Concerto de Outono* (1981) e *Códice Calixtino* (1986). Neste último libro o Amor convértese unha vez máis naquilo que nos ampara nun mundo onde prevalece o desacougo, a sombra e a Morte.

BAIXAN SEGREDOS sonos  
a escada dos fulgores até a fosa onde enterro o  
meu anxo:  
a vela do meu loito sen árbores e sin paxaros  
é de acotfo anguria, é de acotío pranto.  
Roda o silencio da iauga como un salaio alobre  
e o terror aboia nas escuras estancias:  
entre a paré e a espada o seu volume alonga  
de mundo derrubado sin eixo que o sosteña  
a outro referido de anxos e pantasma.

### **Manuel Cuña Novás**

Naceu en Pontevedra en 1926. Residiu varios anos en París, onde coñeceu o movemento existencialista e a algún dos seus membros, coma o escritor Albert Camus. A súa primeira obra *Flauta na noite*, publicada en 1947, está construída seguindo as correntes de antes da guerra: o imaxinismo e o neotrobadorismo. En 1952 publicou a súa obra clave: *Fabulario novo*. Os poemas desta obra céntranse na anguria existencial, expresada a través do medo, do hermetismo das súas imaxes e da omnipresencia da escuridade. Con ela abriu un novo camiño estético na poesía galega e tivo certa influencia sobre os poetas novos. E ese camiño (ou corrente) estético denomínouse "Escola da tebra", precisamente pola presenza constante da escuridade nas imaxes poéticas para expresar unha visión anguriada da existencia. Velaquí uns versos do poema "Noite maior" do libro *Fabulario novo* nos que escuridade, morte e pranto son as súas notas características:

Cega a cinga dos astros as toupeiras escuras  
sin acougo encovadas nas tebras estantías  
onde escorren manseniños vagalumes  
namentras as mans baleiras agoiran a distancia  
desesperadamente tendidas cara ao ceo.  
E óuvena os cans aluarados nas eiras largacías  
atendendo á chamada cruel do desacougo,  
e furan os lagartos os seus buratos de noite:  
mais nós, en pé, os maguados de tebra dura,  
malia o afán de fuxir, permanecemos.

Manuel Cuña Novás

## Actividades con textos

En canto á súa temática este poema serve como modelo da significación da poesía da Xeración de Enlace: o desencanto, a memoria e o pasado como unha carga, o medo e a tristeza de ser consciente que o seu futuro puido ser diferente.

### O que teño

Teño merlos de sombra nas polas da canseira,  
e ceos a choveren sobre un río de carne;  
non teño máis terreos, só teño esa orballeira,  
unha cántiga triste sobre os prados e as árbores.  
Levo ás costas saudade mesturada de anceios,  
saudade como néboa na lama das congostras;  
un acio de silencio no que se pousa o medo  
como se pousa o mar dos náufragos nas costas.  
Vou nun leito de toxos co meu corpo ferido,  
o sangue espaxado polas veas do vento,  
o pulso dunha arela a latexar camiños,  
e a cántiga da angustia que me colleu ben cedo.

Puiden ser unha nube como as alas dun anxo,

ou un grilo, unha rosa, unha xestiña leda,  
non cheguei máis que a sombra e néboa, bágoa,  
pranto  
bolboreta da morte coas dúas alas nas tebras.

Teño longos salaios durmiñando na lúa,  
teño ríos de bágoas que baixan dos curatos,  
teño fíos de sangue que o corazón anúa  
e nel un océano de mergullados pulos.

Teño unha lúa vella pra seiturar recordos  
e agadañar angustias ermas coma penedos.  
Non teño máis fouciña que a que me deu o soño  
nin segó máis cancións que as que seguei no  
tempo.

Antonio Tovar. Non.

Localiza no poema os temas suxeridos na introdución e completa a interpretación do significado do poema.

A infancia soe ser a idade da inocencia e polo tanto da felicidade. As lembranzas máis gozosas da existencia dunha persoa soen ser momentos da súa nenez. En contraste, Luz Pozo retrátanos a infancia dun neno desgraciado como moitos da posguerra.

### O neno murcho

En tódolos pobos hai un neno murcho,  
sen niños, nen merlos, nen píos.  
Un neno que coñece as esquinas tristes,  
ciudades sumerxidas, peixes mortos  
i o laiar da noite coma un anxo negro.

Polo vento morno bulen os paxaros  
i as pedras reloucan embaixo das herbas.  
Os peixes máis claros esbaran.

Hai festa nos prados,  
mais en todas partes hai un neno murcho.  
As arbres son gaitas,  
mais en todas partes hai un neno murcho. As  
rapazas fian,  
mais en todas a partes hai un neno murcho.  
Roca bullangueira,  
mais en tódolos pobos hai un neno murcho.

Luz Pozo Garza. *O paxaro na boca.*

■ A poeta constrúe o poema sobre o contraste entre a felicidade suxerida en moitos versos (localízaos e repara en se a felicidade é vivida por seres humanos) e a tristeza repetida no verso que dá título ó texto.  
¿Que efecto consegue?

■ ¿En que medida cres que este texto pode suxerir a infancia dos contemporáneos deste poema que viviron a posguerra?



## A XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS

A Xeración das Festas Minervais está constituída por poetas nados na década dos 30. Reciben esta denominación por se dar a coñecer nas Festas Minervais celebradas en Santiago entre 1953 e 1964 para a promoción de novos valores (Estas festas son unha imitación das que se facían nos séculos XVI e XVII en honra de Alonso de Fonseca). Os poetas desta xeración son maioritariamente universitarios, viaxaron por Europa e entraron en contacto con outras correntes literarias e de pensamento. En xeral evolucionaron desde o existencialismo ata o socialrealismo, por influencia de Longa noite de pedra de Celso Emilio Ferreiro. Na década dos 60, moitos dos membros da xeración asumiron posturas radicais ante a problemática galega. Publicaron os seus textos nas páxinas do xornal La Noche de Santiago e na colección Illa Nova da Editorial Galaxia.

Esta xeración é moi heteroxénea. Dentro dela destacan grupos poéticos coma o colectivo "Brais Pinto", formado por mozos que coincidiron en Madrid como Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Alexandre Cribeiro, Ramón Lorenzo..., correntes estéticas como a "Escola da tebra" (iniciada, como xa vimos anteriormente, por Manuel Cuña Novás, e seguida, entre outros, por Manuel María e Bernardino Graña), e poetas individuais (Uxío Novoneyra, Salvador García-Bodaño, Xosé Luís Franco Grande, etc.).

### Manuel María

Manuel María Fernández Teixeiro naceu en Outeiro de Rei en 1930. Publicou unha extensa obra evolucionando desde o existencialismo como expresión da dor do eu (na liña da "Escola da tebra") cara a unha poesía de compromiso colectivo transparente e moi emotiva, que pretende chegar facilmente ó lector para facelo consciente da súa identidade galega e de aspirar á liberdade. Os seus traballos máis representativos da primeira etapa son: *Muiñeiro de Brétemas* (1950), *Morrendo a cada intre* (1952) e *Advento* (1954). A partir de Documentos persoais, publicado en 1958, ábrese ó socialrealismo, tendencia que seguirá cultivando en *Mar maior* (1963) e *Proba documental* (1968).

### Uxío Novoneyra

Naceu no Courel en 1939. A súa poesía recibe influencias da lírica paisaxística de Noriega Varela e A. Iglesia Alvariño, pero cunha personalidade propia. A paisaxe é contemplada como algo místico, un todo no que o home se integra:

¡Courel dos tesos cumes que olían de lonxe!  
¡Eiquí síntese ben o pouco que é un home!

A súas obras son: *Os eidos* (1955), *Elexías do Courel* (1966), *Os eidos 2* (1974) e *Poemas caligráficos* (1979). Ademais dese persoal paisaxismo, a súa poesía reflicte o seu compromiso coa realidade social de Galicia.

### Bernardino Graña

Naceu en Cangas do Morrazo en 1932. Gañou varios premios nas Festas Minervais e foi membro do grupo Brais Pinto. O seu primeiro libro Poema do home que quixo vivir, publicado en 1958, segue o existencialismo da "Escola da tebra" do que se afasta con Profecía do mar (1966) cunha visión máis optimista do home e da existencia. Despois virían Non vexo Vigo nin vexo Cangas (1975) e en Se o noso amor e os peixes... (1980) regresa ó tópico literario universal do conflito entre o Amor e o Desamor incorporando ós seus versos alusións ós cancioneros medievais.

### Xosé Luís Franco Grande

Naceu en Tebra (Tomiño) en 1935. Tamén foi premiado nas Festas Minervais e Premio Nacional de Poesía Rosalía de Castro en 1967 polo libro *Entre o si e o non*, libro onde se explora a si mesmo. A súa poesía pretende ser reveladora, achegarnos ás cuestións máis transcendentales da vida. Así o expresa o poeta en verso:

Sempre me foi un pouco alleo o mundo  
e nunca me atopei  
ó xeito que me vai  
no cacho dese mundo que eu herdei.

## Salvador García-Bodaño

Naceu en Vigo no ano 1935. Como moitos deste grupo tamén foi premiado nas Festas Minervais. En 1965 publicou *Sonetos da esperanza presentida* e en 1967 *Palabra de honor*, nos dous segue a tendencia estética da Escola da tebra. Con *Mesteres* (1976), finalista xunto a *Con pólvora e magnolias* de Méndez Ferrín do Premio Nacional da Crítica, manifesta unha maior preocupación formal.

## Xosé Luís Méndez Ferrín

Naceu en Ourense en 1938. Sendo universitario participou na fundación do **Grupo Brais Pinto** e con outros membros do grupo fundou en 1964 a Unión do Pobo Galego (UPG), xerme do nacionalismo galego moderno xunto ó Partido Socialista Galego.

A pesar de ser máis voluminosa a súa literatura en prosa, os seus poemarios son clave para entender a evolución da poesía galega moderna. En 1957 publicou *Voce na néboa*, libro onde está presente a liña existencialista de tanta influencia desde a Escola da tebra. En 1972, baixo o heterónimo de Heriberto Bens, publicou *Antoloxía popular*; e no ano 1980, a *Poesía enteira de Heriberto Bens*, de marcado ton reivindicativo en harmonía coa súa militancia marxista e independentista.

En 1976 viu a luz *Con pólvora e magnolias*, Premio Nacional da Crítica, que supuxo a fin da poesía socialrealista. Sen prescindir da reivindicación (con pólvora) o poeta cre no poder transformador do Amor (magnolias) volvendo a unha poesía preocupada polo rigor formal, a musicalidade do ritmo e a forza expresiva da linguaxe. Outros poemarios son: *O fin dun canto* (1982) e a súa última entrega poética, *Estirpe* (1994).

O seguinte poema extraído de *Poesía enteira de Heriberto Bens* é un exemplo de poesía ferriniana en canto que, sen renunciar á reivindicación de carácter nacionalista, está escrito coa premisa de construír, ante todo, un texto literario con calidade estética. O poema resólvese formalmente en verso maior con rimas asonantes espalladas sen unha estrutura estrófica definida; o que lle dá unidade ó poema é o ritmo cadenciosamente lento, moi acorde co seu contido. Unha reflexión sobre Galicia, definida como algo ("unha cousa verde" "despaciosa...lento veneno"); como algo incompleto ("arado sen bois, feira sen xente") e de desesperanzador futuro ("enorme noite fría"). O peor é que, ó final, despois da reivindicación do poeta, ninguén escoita.

... y no hallé cosa en que poner los ojos...  
(Quevedo)

Terra de proseguir e non dar nada,  
despaciosa Galicia que nos levas  
acochados en ti! Lento veneno  
que pon nos ollos unha cousa verde!  
Lingua que me enche a boca enteiramente  
e coma un río interno me asolaga.  
Quero dicir teu nome e digo apenas  
xente de terra, homes lentamente

un por un devecendo e sendo nada.  
Galicia coma un río que se estiña,  
terra de esmorecer, patria do vento!  
Quero dicir teu nome e digo dorna  
baleira, mergullada dorna negra,  
grande arado sen bois, feira sen xente,  
noite que vén, enorme noite fría...  
Quixera alzar meu canto coma un puño  
e pór na miña voz teu nome ergueito  
pero non hai ninguén para escoitarme.

## Actividades con textos

Poema que explota as capacidades simbólicas dos sons para descubrimos a paisaxe e vida salvaxe da montaña.

¡Cousos do lobo...!

¡Cousos do lobo!

¡Cavorcos do xabarín!

¡Eidos solos

onde ninguén foi nin ha d'ir!

¡O lobo! ¡Os ollos o lombo do lobo!

Baixa o lobo polo olio do bosco

movendo nas flairas dos teixos

ruxindo na folla dos carreiros

en busca de vagoada máis sola e máis medosa...

Rastrexo,

párase e venta

finca a pouta ergue a testa e oula coa noite na boca...

Uxío Novoneyra. *Os eidos*. ■ Este poema trata sobre o ser humano pero o home

■ Uxío Novoneyra usa neste poema o fonosimbolismo (produce sensacións a través da lectura desde o campo auditivo ó óptico) coa repetición intencionada do fonema "o". ¿Que suxire esa repetición atendendo ó tema do poema?

Un poema que converte en singular o vulgar. O ritmo, a disposición das palabras no verso transforma en engaiolante poesía algo tan anecdótico como a descrición dun minuto en calquera taberna mariñeira.

### O gato da tasca mariñeira

Aquí non hai silencio porque hai homes  
falan os homes falan  
aquí non pasa o vento esa fantasma  
os homes falan falan  
e fórmase outro vento outro rebumbio  
unha fantasma feita de fume  
ese fumar sen tino estas palabras  
e pasa un suave gato que é da casa.  
Beben viño coñac  
berran discuten contan chistes mascan  
un pouco de xamón tal vez chourizo  
o gato ulisca cheira mira agarda  
vai á cociña vense ao mostrador quixera  
un anaquiño de boa carne un chisco  
de tenrura algún queixo unha migalla.  
Aquí non hai vagadas nin roncallos  
non se ven os cabezos nin as praias  
o taberneiro bole saúda cobra serve fala  
cambea mil pesetas chama á muller a berros  
e contesta ao teléfono ás chamadas  
e os homes berran moito cheos de ira  
e rin e danse a man e nada pasa.  
O gato caladiño ergue as orellas

A poesía de Novoneyra soe ter como protagonista a vida natural na que o home é un ser vivo máis, sen a penas reflexións sobre a súa natureza. A súa obra continúa a tradición paisaxística de Noriega Varela e Iglesia Alvareño. Sen embargo, neste poema algo cambia.

### Do Courel a Compostela

Os que así nos tein

só tein noso os nosos nomes no censo

que astra a nosa suor sen alento se perde na terra.

GALICIA, ¿será a miña xeración quen te salve?

¿Irei un día do Courel a Compostela por terras

liberadas?

¡Non, a forza do noso amor non pode ser inútil!

Uxío Novoneyra. *Elexías do Courel*.

■ Este poema trata sobre o ser humano pero o home na poesía de Novoneyra permanece nun segundo plano, sabemos del por alusións indirectas (amor, liberdade, suor, censo). A natureza segue moi presente ¿Que simbolizarán Courel e Compostela? Tamén fala dun compromiso, ¿Cal?

tan maino tan suavísimo sen gana  
cruza por entre as pernas entre as botas  
altas botas de caucho contra as augas co seu rabo  
arriquichado e duro e tan en calma  
e aquí non hai silencio que hai vinte homes  
e están ben lonxe os mares que arrebatan.  
Se acaso o gato mira os ollos do home  
guicha en suspenso escoita en paz agacha  
unha orelliña aguda e indiferente  
lambe teimudo e calmo unha das patas  
e se acaso durmiña e abre un ollo  
e ve que os homes beben fuman discuten moito non  
se cansan  
de ensaladilla callos mexilóns anchoas  
e viño e viño e viño tinto e branco en tantas tazas  
e esgarran cospen entran saen empuxan brindan  
cantan  
e a radio está acendida e óese música  
e o gato pasa indemne comprendendo ten costume  
son os homes  
non se espanta.

Bernardino Grana. *Profecía do mar*.

Poema moi intimista de carácter introspectivo. Para moitos lectores a poesía é un medio para esclarecer o sentido e misterios do ser humano e da vida.

Ás veces entro en min  
por ver se atopo aquilo meu que eu son  
e sempre vexo que non dou comigo  
e que son eu quen se me vai das mans.  
E sempre volvo a procurarme a min  
e nunca vou parar alí onde eu son  
aquilo que é máis meu  
que debo ser eu...

As veces penso que xa estou comigo,  
cáseque no meu eido,  
e despois vexo que aínda falta máis,  
máis alá, un pouco máis...  
Eu vou metido en min

coma quen garda o único que ten  
e esguizo os velos que non deixan ver  
o eido onde eu atopo e onde eu son.  
Quén dera estar tan só  
que un xa non fora máis que aquilo que é  
quén dera estar así  
e ser aquilo que non son aínda...!  
A min deixaime así: perdido en min,  
esquencido,  
sen eido,  
sen ninguén!

Xosé Luís Franco Grande. *Entre o si e o non.*

Cal é o tema do poema? Coñecerse a un mesmo é difícil. ¿Por que cres que o poeta e as máis diversas relixións o estiman necesario? Do texto podemos entender que o poeta busca estar só para sentirse, para oírse, para ser el mesmo. ¿Pero o home non é un ser social? ¿Como entendes este paradoxo?

Aqueles entusiastas que defenden a necesidade de er boa literatura din que como non podemos coñecer a todas as grandes persoas que habitan o mundo, os países, costumes e feitos da historia xa pasados, a única maneira de aproximarnos a ese grao de sabedoría é a través da lectura. Este poema, sen embargo, fálanos dun rapaz que viviu intensamente e volve á súa verdadeira patria: a casa da súa familia onde habita a lembranza dos que contribuíron á súa construción.

### **A un meu fillo**

Cando regreses a Vilanova dos Infantes  
despois de visitares terras sen número  
recoñecerás que as cousas son máis pequenas e encollidas  
do que ti lembrabas  
pro o teu cor moito máis grande porque nel entrara o mundo.

Cando regreses a Vilanova dos Infantes  
despois de que o teu espírito tivera amado  
co vigor azul veludo do papilio manchaon e outras grandes bolboretas  
e nos teus ollos se cebara o ferrete dos mil velenos inimigos,  
atoparás irónico o xesto do Castromao, do Furriolo e outras  
montañas que encadran a túa patria con fidel constancia  
de quen é manso, tutelar e interno.

Cando regreses a Vilanova dos Infantes  
e entres na casa que fundaron os teus antergos  
con lucidez e traballo imprecisábel,  
notarás a benvinda dunha brétoma insidiosa



a vear cada obxecto como visto entre bágoas  
música haberá en escadas, olas, pipas, lámpadas e espellos ou ecoar  
de labores que hai cen anos alí houbo e nun repente  
prorrompen nos teus ollos alapeados.

Cando regreses a Vilanova dos Infantes  
e os canastros, as profundidades das adegas,  
o terror dos subterráneos onde son as trabes de ouro e de alquitrén  
a derrota das murallas no Arrabaldo, o agurgullo  
da Fonte de Baixo, a morte enguedellada en cada corredor  
derruído, acheguen a ti a man pálida dos antanos amantes,  
na túa res domeada polo peso do sentido  
choutará un alustre de namorada tristura  
como que alumea un facho de luz verde e arcaica.

Cando regreses a Vilanova dos Infantes  
tremeranche os xeonllos  
do corazón e na alta noite a inmensa lúa chea  
iluminará pra ti a clave do labirinto  
e o teu pai sorrirá dende o frío sepulcro  
porque terás conquerido o que ti es  
e poderás cantar en Trala Cerca como cantou o poeta  
dos antanos de Francia:

"Feliz aquel que, tras de percorrer, como Ulises,  
as mil aventuras dos mares do mar  
e dos mares da paixón vermella arrebatada;  
ou aqueloutro que, navegando o Ponto na percura procelosa,  
máis que un Año de Ouro, acadou a ledicia innumerábel  
da Misión,e da Viaxe cumprida:  
tras cortar incidentes coma rosas  
retorna a Vilanova dos Infantes completo de sabedoría".

X. L. Méndez Ferrín. O fin dun canto.

■ O poeta escribe este poema en ton profético a un fillo que se arreda del para ver mundo e facerse home. Ese fillo ben podes ser ti e esa Vilanova dos Infantes, patria de Méndez Ferrín, ben pode ser a túa. Escribe un poema onde rememores os teus maiores e o lugar onde se criaron.